Un dos apartados tratados con máis detalle corresponde ao réxime sancionador, con desenvolvemento das casuísticas constitutivas de infraccións leves, graves ou moi graves así como das sancións correspondentes á tipificación anterior.

### Normativa autonómica das áreas privadas de estacionamento

O 27 de decembro de 2019 aprobouse o Decreto 159/2019 da Xunta de Galicia cos requirimentos mínimos das áreas privadas de estacionamento (artigo 36), e así establece, por exemplo, a obriga de contar con valado do recinto e servizo de vixilancia, así como as dimensións mínimas das parcelas, a dotación eléctrica, ou os puntos limpos de baleirado e recarga de augas.

## ODS13: acción polo clima

2020 rexistrou o verán máis cálido da historia cunha media no hemisferio norte entre xuño e agosto de 1'17 grados máis de temperatura. As predicións apuntan a que o de 2021 será un verán máis caloroso do normal. De se bater novo récord, será o terceiro ano consecutivo de quentamento. A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e a adaptación ao cambio climático son prioridades inaprazables. Algúns expertos sinalan que xa ímos tarde.

13 ACCIÓN  
POR EL CLIMA



Baixo evidencias ou mesmo catástrofes de diversos tipos e gravidade, non hai lugar do planeta que non sinta os efectos do cambio climático. A factura é económica pero tamén humana. A través do ODS13, Nacións Unidas insta a adoptar medidas urxentes orientadas a fortalecer a resiliencia aos riscos relacionados con este problema e os desastres que se están a producir, a crear políticas, estratexias e plans nacionais para mitígalos, a mellorar a educación e sensibilización fronte ao mesmo e a axudar a países sen recursos na xestión deste obxectivo.

O Goberno do Estado vén de aprobar a Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética. O texto sinala a obriga das Administracións Públicas en xeral de fomentar o coñecemento das consecuencias do cambio climático sobre a saúde pública, así como das distintas iniciativas ou medidas emprendidas para a súa loita. Numerosas medidas da lei afectan directamente ás Entidades Locais.

### O cambio climático en cifras:

50  
%

Aumento das emisións de CO<sub>2</sub> nas últimas dúas décadas.

5  
%

O aumento do custo da produción de cereais por cada grado que sube a temperatura.

19  
cm

O aumento do nivel do mar polo desxeo.

4,28  
millóns  
km<sup>2</sup>

Perda de superficie no Ártico.



## Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética

A nova norma ten por obxecto asegurar o cumprimento do Acordo de París de 2015 e que a mediados de século España sexa un país neutro en termos climáticos mediante a descarbonización da economía e a implantación dun sistema circular que garante o uso racional dos recursos, a resiliencia ao cambio climático e un desenvolvemento sostible con xeración de emprego de calidade que contribúa á igualdade social.

No seu preámbulo, a Lei contempla a mobilización de máis de 200.000 millóns de euros ata 2030, unha inversión que aumentará o PIB do país entre 16.000 e 25.000 euros ao ano e xerará entre 250.000 e 350.000 postos de traballo. Porén, estes resultados requirirán a implantación dunha serie de medidas de diverso calado e dificultade coa imprescindible participación das Administracións Locais.

O texto marca os obxectivos mínimos na redución de emisión de gases de efecto invernadoiro, na produción de enerxías renovables e na eficiencia enerxética da economía de España con dous horizontes principais: 2030 e 2050.



### Mobilidade sen emisións

O obxectivo é un parque de turismos e vehículos comerciais lixeiros sen emisións, prohibíndose a venda para uso non comercial dos vehículos contaminantes a partir de 2040. Antes de dous anos os municipios de máis de 50.000 habitantes deberán contar con plans de mobilidade sostible, os de máis de 20.000 deberán delimitar zonas de baixas emisións se a calidade do seu aire non é boa e todos os edificios de uso non residencial e con máis de vinte prazas de aparcadoiro deberán contar con infraestruturas de recarga. Haberá unha lei estatal de mobilidade sostible e financiamento do transporte público.

### Desenvolvemento rural

A implantación de parques eólicos e solares será compatible coa conservación do patrimonio natural e coa axeitada ordenación territorial. Haberá un mapa de zonas sensibles pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos nas que non se poderán levantar proxectos deste tipo. Parte da riqueza enerxética xerada nos territorios reverterá nos mesmos para activar a economía e bater o declive demográfico. A transición cara a unha economía descarbonizada será xusta para os colectivos e áreas xeográficas máis vulnerables como o rural e xerará emprego de calidade.

### Eficiencia enerxética e rehabilitación de edificios

Haberá un Plan de Rehabilitación de Vivendas que, entre outros, fomentará a renovación e rehabilitación dos edificios para optimizar a súa eficiencia enerxética. As Administracións incentivarán o uso de materiais non contaminantes e a introdución de enerxías renovables con instalacións fotovoltaicas de autoconsumo e sistemas de calefacción e refrixeración cero emisións.

### Planificación e xestión da auga

Terán como obxectivos a seguridade hídrica para as persoas, para a biodiversidade e para as actividades socioeconómicas, reducindo a vulnerabilidade ante o cambio climático e aumentando a resiliencia. Haberá unha Estratexia da Auga.

## Dixitalización

No marco da Estratexia España Dixital 2025 e co ánimo de contribuír á descarbonización, promoveranse accións de dixitalización da economía como, por exemplo, abordar de forma estratéxica os retos e oportunidades da incorporación da tecnoloxía dixital ao sector enerxético, ao da mobilidade sostible, á economía circular, á xestión do capital natural, ás redes e cidades intelixentes e ás actividades de loita contra o cambio climático en xeral.

## Contratación pública

A contratación pública incluírá nos pregos -de forma transversal e preceptiva-, criterios medioambientais obxectivos e de sostibilidade enerxética que establezan a necesaria redución da pegada de carbono, nun proceso estritamente respectuoso cos principios de transparencia.

## Adaptación

Ante determinados impactos do quen-tamento irreversibles, haberá un Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático. A planificación e xestión de políticas como a hidrolóxica, a costeira, a territorial e urbanística, de desenvolvemento urbano e edificación entre outras, terán en conta os riscos derivados do cambio climático. As administracións promoverán a identificación, clasificación, cartografía, aumento e mellora dos sumidoiros de carbono e se incentivará a participación dos propietarios públicos e privados no aumento da captación de CO<sub>2</sub>.

## Redución das enerxías contaminantes

Prohibidas as autorizacións para investigar ou explotar hidrocarburos e as xa

vixentes non poderán prorrogarse máis aló de 2042. Haberá un calendario para que os organismos e entidades do sector público estatal se desprendan de participacións ou instrumentos financeiros de empresas ou entidades con actividade relacionada cos produtos enerxéticos de orixe fósil.

## Economía circular

O texto prevé que o Goberno do Estado remita ás Cortes un Proxecto de Lei de Residuos e Solos Contaminados acorde á Estratexia Española de Economía Circular e aos obxectivos nela marcados para o ano 2030, acadando unha economía sostible, eficiente, competitiva e descarbonizada.

## A Coruña:

### Goberno Local con boas prácticas para o clima

As entidades locais tamén teñen responsabilidade na loita contra o cambio climático. O concello de A Coruña recibiu un dos galardóns do oitavo certame promovido pola Rede Española de Cidades polo Clima da Federación Española de Municipios e Provincias e a Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para

recoñecer as mellores accións ou políticas municipais neste reto global.

A Rede municipal de Hortas Urbanas da cidade herculina levou o "Premio ás mellores solucións baseadas na natureza". O plan local está en proceso de expansión e mellora, cun proxecto máis integral, circular e amplo, con máis emprazamentos destinados a este uso para satisfacer o aumento de

demanda, regulación específica que distinga a explotación asociativa da particular, plans piloto de hortas escolares e novidosos sistemas de regadío.

Outra localidade coruñesa, Vedra, quedou finalista no "Premio ás boas prácticas para a Transición enerxética, rexeneración e renovación urbana" polo seu Vagón Coworking.







## Cidades Amigas da Infancia

Unha xestión responsable pensa tamén no futuro. E o futuro son os rapaces e rapazas de hoxe. O benestar físico e psicolóxico, o desenrolo persoal e social e a capacitación en todos os eidos da vida dos e das menores deben ser considerados unha obriga moral e unha política prioritaria de gran rendemento.

Greta Thunberg non precisa presentación. A súa unha folga escolar para que o goberno sueco reduciara a pegada de carbono e cumprira o Acordo de París deu a volta ao mundo e ondas de protestas multitudinarias de nenos e nenas sumáronse á súa causa. Tiña 15 anos cando levou a súa mensaxe activista á Conferencia de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (2018) e participou na Asemblea anual do Foro Económico Mundial de Davos. Greta é un expoñente ao máis alto nivel da participación da infancia na vida política.

Escuitar a voz dos nenos e nenas é a mellor forma de desenvolver políticas integrais que inclúan o enfoque dos dereitos desta parte da cidadanía cara a mellorar as súas condicións de vida. A certificación de UNICEF Comité Español “Cidades Amigas da Infancia” é un recoñecemento ás localidades pola súa labor nesta liña. Cada dous anos, a delegación de Nacións Unidas para a infancia en España, abre unha convocatoria pública á que poden presentarse todos os gobernos locais que desexen adquirir este compromiso. O selo ten catro anos de validez.



### Requirimentos

Calquera localidade pode optar ao selo se implementa as seguintes medidas:

1. Mecanismo de coordinación tanto interna (no seo do propio concello) como con outros actores locais.
2. Participación real da infancia e adolescencia na toma de decisións locais mediante un órgano recoñecido como interlocutor válido polo goberno local
3. Unha estratexia a longo prazo baseada na evidencia para abordar os retos da infancia e adolescencia na localidade. Para ilo é preciso que o goberno local conte cunha diagnose, un plan local de infancia e adolescencia con sistema de seguimento de indicadores e un orzamento para o seu desenvolvemento.

En 2018, UNICEF Comité Española asinou un convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a aplicación da Convención dos Dereitos dos Nenos e Nenas en Galicia, tendo en conta que os concellos son a administración idónea para a participación cidadá. Dende entón acadaron o selo “Cidades Amigas da Infancia” dez localidades: Castrelo de Miño, Teo, Cabanas, Moeche, Carnota, O Porriño, Redondela, Tomiño, Ourense e Pontearreas.



Imaxe: Jan Alexander (Pixabay)

## Manual de ciberseguridade para entidades locais

O xigante das vendas Amazon sen poder vender, medio Estados Unidos sen combustible por un ataque a un gran oleoduto, periódicos como The Guardian ou The New York Times inaccesibles e incluso redes de servizos coma o sanitario irlandés ou o de emprego en España bloqueadas. Os ataques informáticos multiplícanse e sofístanse. O resultado é o mesmo: a parálise. E xa hai concellos que a sufriron.

Vimos insistindo hai tempo na grande importancia de tomarse moi en serio as ameazas de ataques cibernéticos. É fundamental, máxime na administración e nos cargos públicos, que todos tomemos conciencia de dedicar tempo, orzamento e recursos á ciberseguridade. Si xa era fundamental nos tempos pre pandemia, agora, coa aceleración do traballo e servizos telemáticos provocada pola COVID, é en termos de funcionamento, vital.

O Centro Criptolóxico Nacional (CCN) en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias (Femp) ven de editar un prontuario de ciberseguridade especialmente dedicado ás entidades locais. A xestión axeitada da ciberseguridade constitúe un reto ineludible no que as entidades locais non poden quedar ao marxe, este manual ofrece unha

guía dos requisitos e responsabilidades máis significativas que os directivos do público deben ter en conta.

Ao outro lado pode haber unha persoa ou complexas organizacións que se moven por desafío tecnolóxico, hacktivismo, fins lucrativos ou guerras ideolóxicas, económicas, de poder, etc. Un amplo cadro de obxectivos que poden incorrer en delitos existentes no eido da realidade material, multiplicar a súa incidencia ou mesmo xerar novos actos constitutivos de delito.

**“Non estamos a falar de se se producirá un ataque senón de cando terá lugar”**

### As ameazas

A casuística do cibercrime aumenta. Entre as principais ameazas a afrontar están:

- a) **Malware:** software malicioso que afecta ao funcionamento do sistema
- b) **Ransomware:** secuestro de información con petición de rescate
- c) **Phishing:** correos electrónicos que perseguen obter información
- d) **Enxeñería social:** enganar para obter datos
- e) **Explotación de vulnerabilidades:** buratos de seguridade
- f) **Denegación de servizo:** múltiples solicitudes organizadas que retardan ou colapsan un servizo
- g) **Acceso non autorizado:** subtracción de credenciais
- h) **Suplantación:** facerse pasar por outra identidade.

A maioría dos concellos veñen de tomar medidas para ofrecer os seus servizos dixitalmente, se comunican coa cidadanía e empresas locais deste xeito e mesmo persoal e cargos electos desenvolven boa parte da súa actividade telemáticamente.

Moitas persoas dependen de internet para as interaccións e transaccións cotiás e este feito fai que a administración vire tamén nesa liña. Fronte á diminución orzamentaria e ao incremento das expectativas na prestación dos servizos públicos, os responsables locais teñen que atopar formas innovadoras de garantir a sostibilidade destes servizos.

Non estamos a falar de se se producirá un ataque senón de cando terá lugar. Concellos e deputacións dispoñen de información de interese para os cibercriminosos e polo tanto deben revisar, actualizar e reforzar continuamente a súa ciberseguridade. É vital garantir que a cidadanía confíe nos concellos cando lles remita os seus datos. Un ciberataque podería ter moi graves consecuencias, tanto na interrupción dos servizos como en termos reputacionais do concello, e intrinsecamente dos seus responsables políticos.

O prontuario de ciberseguridade recolle os distintos eidos de seguridade a ter en conta e as persoas responsables en cada caso. O documento complétase coa Guía CNN-STIC 830 e a Guía IC-01/19

É preciso lembrar o obrigado cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade por parte das entidades locais, que ten por obxecto determinar a política de seguridade que se ten que aplicar na utilización dos medios electrónicos por parte das entidades públicas.

## SISTEMAS E COMUNICACIÓN DO SECTOR PÚBLICO



### Exemplos


- > Arquivo electrónico de procedementos administrativos
- > Rexistros electrónicos
- > Procedementos electrónicos
- > Padrón municipal
- > Xestión de citas
- > Xestión de vacantes dun Hospital
- > Xestión de expedientes académicos
- > Perfil de contratante
- > Xestión de Recursos Humanos
- > Contabilidade
- > Xestión Tributaria

Por outra banda a Fegamp (concellos e deputacións de Galicia), vén de constituír xunto co Centro Criptolóxico Nacional (CNN organismo de ciberseguridade para as administracións do Estado), co Incibe (organismo de ciberseguridade para as empresas do Estado) e coa Amtega (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta), o nodo CIBER. gal que acaba de aprobar na súa última xuntanza a incorporación como colaboradores de empresas, departamentos universitarios e

colexios profesionais entre outros organismos. O nodo ten por obxectivos concienciar sobre ciberseguridade á sociedade, administracións públicas e empresas galegas, dar resposta coordinada a retos en entidades con necesidades específicas, promover a xeración, atracción e retención de talento especializado, investigación e transferencia tecnolóxica, situar o propio nodo a nivel estatal e europeo e desenvolver e potenciar a industria da ciberseguridade en Galicia.

Norma, artículo y/o medida del ENS	Descripción del requisito / responsabilidad	Cargos electos			
		Alcalde	Pleno	Junta de Gobierno Local	Concejal
1, 3, 4, 9, 35, 38, 41	Velar por la conformidad general con el ENS de los sistemas de información de la entidad local.	A		RDA	RDA
Con carácter general	La superior dirección de los archivos y registros de la entidad local, incluyendo velar por la garantía de disponibilidad de los archivos electrónicos y la confidencialidad, integridad, trazabilidad y autenticidad de la información contenida en ellos.				
ITS de Conformidad	Velar por que los sistemas de información de la entidad local posean las Declaraciones y/o Certificaciones de Conformidad con el ENS y que los Distintivos correspondientes se muestren en la sede electrónica de la entidad.	A		RDA	RDA
ITS de Conformidad	Disponer que se publiquen, cuando sea preceptivo, los actos y acuerdos de la entidad local en los medios oficiales de publicidad, en el tablón de anuncios de la misma y en la sede electrónica, certificándose o emitiéndose diligencia acreditativa de su resultado si así fuera preciso, incluyendo todos los actos o Acuerdos relativos a la seguridad de la información de la entidad, como sería el caso de la publicación de los Distintivos de Conformidad con el ENS de los que la entidad local fuera titular.				
10	Determinación de la composición del Comité de Seguridad de la Información y nombramiento del responsable de la Información, de los Servicios, de la Seguridad, del Sistema y su adecuada segregación.	A		RDA	RDA
11	Velar por la existencia y adecuación de la Política de Seguridad de la Información y la Normativa Interna de la entidad.	R		RDA	RDA
11, [org.1], [org.2]	Aprobación de la Política de Seguridad de la Información y de la Normativa Interna del Uso de los Medios Electrónicos de la entidad local.	ADP	A		
12	Velar por la organización e implantación del proceso de seguridad.	A		RDA	RDA
13, [op.pl.1]	Velar por la utilización de los principios de análisis y gestión de los riesgos en el proceso de seguridad de la información de la entidad y aprobar el Análisis de Riesgos para los sistemas de información de la entidad.	A		RDA	RDA
14, 15	Aprobación de la plantilla de personal y de la relación de puestos de trabajo, la fijación de la cuantía de las retribuciones complementarias fijas y periódicas de los funcionarios y el número y régimen del personal eventual	ADP	A	ADP	
14, 15	Velar por la adecuada gestión del personal y su profesionalidad.	A			
[op.exp.7] ITS de Notificación	Velar por el cumplimiento de la adecuada notificación de incidentes al Centro Criptológico Nacional.	A		RDA	RDA
[op.ext]	Velar por que los sistemas de información de los proveedores externos que presten servicios a la entidad sean conformes con el ENS, posean los Acuerdos de Nivel de Servicio idóneos y se gestione adecuadamente su cumplimiento.	A		RDA	RDA
[op.ext]	Aprobación de los proyectos de obras y servicios, incluidos los relativos a la seguridad de la información, cuando sea competente para su contratación o concesión, y cuando aún no estén previstos en los presupuestos.	A		RDA	RDA
[op.ext]	Actuar como fedatario en la formalización de todos los contratos, convenios y documentos análogos en que intervenga la entidad local, como aquellos suscritos con terceros proveedores -públicos o privados- de servicios dirigidos a garantizar la seguridad de la información de la entidad local.	ADP	A	ADP	
[op.cont]	Velar por la adecuada continuidad de los servicios en caso de impacto, incluyendo la aprobación del correspondiente Análisis de Impacto.				
[mp.if]	Velar por la protección de las infraestructuras físicas y lógicas de la entidad, incluyendo su acondicionamiento y abastecimientos y, en su caso, la disponibilidad de instalaciones alternativas, así como la identificación de las personas, especialmente cuando puedan tener acceso a los sistemas de información de la entidad.	A		RDA	RDA
[mp.per]	Velar por que el personal que trabaja en la entidad local esté debidamente concienciado y/o formado en materia de seguridad de la información.	A		RDA	RDA
[mp.info]	Velar por que la información tratada por la entidad, especialmente cuando se trate de datos personales, se custodie adecuadamente, de conformidad con las regulaciones que resulten de aplicación, calificándola de acuerdo con su naturaleza.	A		RDA	RDA
[mp.info.4]	Velar por que se utilizan los procedimientos de firma electrónica, sello electrónico y sello de tiempo electrónico, atendiendo a los procedimientos administrativos de que se trate, de conformidad con la legislación vigente.	A		RDA	RDA
[Anexo III], ITS de Auditoría	Velar por que se realice periódicamente una auditoría de conformidad con el ENS y, si procede, una auditoría externa de certificación, cada dos años o siempre que se hayan producido cambios en los sistemas de información afectados que induzcan a pensar que no son eficaces las medidas de seguridad adoptadas.	A		RDA	RDA
Con carácter general	Preparar los asuntos que hayan de ser incluidos en el orden del día de las sesiones que celebren el Pleno, la Junta de Gobierno y cualquier otro órgano colegiado de la Corporación en que se adopten acuerdos que vinculen a la misma, incluyendo también todos aquellos asuntos relativos a garantizar la seguridad de la información tratada y los servicios prestados por la entidad local.				
Con carácter general	Transcribir en el Libro de Resoluciones, cualquiera que sea su soporte, las dictadas por la Alcaldía o Presidencia, por los miembros de la Corporación que resuelvan por delegación de las mismas, así como las de cualquier otro órgano con competencias resolutorias. Entre tales resoluciones estarán las relativas a la seguridad de la información de la entidad local.				
Con carácter general	Certificar todos los actos o resoluciones de la Alcaldía o Presidencia y los acuerdos de los órganos colegiados decisorios, así como los antecedentes, libros y documentos de la entidad, como los que puedan involucrar a actos o resoluciones relativas a la seguridad de la información de la entidad local.				
Con carácter general	Anotar en los expedientes, bajo firma, las resoluciones y acuerdos que recaigan, así como notificar dichas resoluciones y acuerdos en la forma establecida en la normativa aplicable, incluyendo entre tales resoluciones y acuerdos aquellos que se refieran a acciones relativas a la seguridad de la información de la entidad.				
Con carácter general	Llevar y custodiar el Registro de Intereses de los miembros de la Corporación, el Inventario de Bienes de la Entidad Local y, en su caso, el Registro de Convenios, como todos aquellos Bienes (activos) y Convenios relativos a la seguridad de la información de la entidad.				
Con carácter general	La emisión de informes previos en aquellos supuestos en que así lo ordene el Presidente o Alcalde de la Corporación o cuando lo solicite un tercio de miembros de la misma. Tales informes deberán señalar la legislación en cada caso aplicable y la adecuación a la misma de los acuerdos en proyecto. (Este sería el caso, por ejemplo, de aquellos informes relativos a acciones o iniciativas en relación con la seguridad de la información de la entidad).				
Con carácter general	La emisión de informes previos siempre que un precepto legal o reglamentario así lo establezca o la emisión de informe previo siempre que se trate de asuntos para cuya aprobación se exija la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación o cualquier otra mayoría cualificada, como podría ser el caso, entre otros, de la emisión de informes relativos a la aprobación o modificación de Ordenanzas, Reglamentos o Estatutos rectores de Organismos de derecho público, sociedades mercantiles, fundaciones, etc., cuyos requisitos en materia de seguridad de la información hayan de modificarse.				
Con carácter general	Asistir al presidente o alcalde de la Corporación para la formación del presupuesto, a efectos procedimentales y formales, no materiales.				

Táboa extraída do Prontuario de ciberseguridade para Entidades Locais CCN-FEMP



## Manifesto de apoio ás persoas LGTBIQ+

O 28 de xuño é un chamamento á visibilidade, ao coñecemento e ao respecto das persoas LGTBIQ+. Unha xornada na que o colectivo pon o foco en algo tan inherente ao ser humano como é a diversidade, que no eido de percepcións e sentimentos deriva nas diferentes identidades persoais e sexuais. O 28 de xuño trátase por tanto dunha lembranza, dunha celebración e dunha reivindicación do principio máis esencial das persoas: **“todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”** (*Declaración Universal de Dereitos Humanos; N. U. 1948. Artigo 1º*).

O espírito e cor das marchas que proclaman o dereito a ser un/unha mesmo/a, a vivir e a desenvolverse como cada persoa decida, convive coa outra gran data para estas persoas: o 17 de maio, Día Internacional contra a LGTBIQfobia. Porque a causa LGTBIQ conta na súa historia capítulos tan penosos como soportar a persecución criminal ou tratamentos e terapias coma se estivesen enfermos/as. De feito esta outra data de denuncia proclamouse o día de 1990 en que a Organización Mundial da Saúde desbotou a homosexualidade da lista de trastornos mentais. A transexualidade non saíu desa clasificación ata 2018.

Este ano cúmprense tres décadas da declaración expresa por parte do Consello

de Europa do dereito á autodeterminación sexual de homes e mulleres. Pero a pesar destes logros cara á normalización, saírse do patrón heterosexual e cisxénero segue a ser un camiño espiñoso, con perigo incluso para a propia integridade física. Segundo os últimos datos do Ministerio do Interior, a terceira causa de delitos de odio cometidos en España foron atentados contra a orientación sexual ou identidade de xénero con 278 casos, 12 deles en Galicia. Os rexistros da Federación Estatal de LGTBI multiplican estas cifras por tres ao computar os casos nos que as vítimas non cursan denuncia ou son atentados que non constitúen delito penal.

Como marco da administración no que se desenvolven as actuacións e políticas en calquera materia social e de dereitos humanos e especialmente no que respecta á igualdade, **as entidades locais galegas manifestamos o noso firme posicionamento e compromiso a favor das persoas LGTBIQ+** e por tanto:

- > **Condenamos calquera discriminación** ou atentado tanto físico coma verbal contra as persoas LGTBIQ+.
- > **Procuramos o benestar e respecto aos dereitos de calquera persoa**, sexa cal sexa a súa identidade ou orientación sexual.

- > **Manifestamos a nosa preocupación polo aumento do discurso do odio** e a intolerancia e traballamos para erradicar dende a política local estas condutas en calquera das súas formas ou circunstancias.
- > Censuramos os espazos que se proclaman “libres de LGTBIQ+”, eufemismo que empregan para repudialos. A eles nos enfrontamos **declarándonos “municipios de liberdade” para todas as persoas**, independentemente da súa identidade de xénero ou afinidade sexual.
- > Promovemos a igualdade, empoderamento e integración do colectivo LGTBIQ+ con plans específicos acordes á súa realidade e necesidades.
- > **Colaboramos coas asociacións en defensa deste colectivo** para a detección de necesidades, deseño de protocolos de actuación, visibilización da súa situación, accións de sensibilización e calquera outra medida favorable dependente da administración local.
- > **Lideramos o movemento para a construción dunha sociedade inclusiva, segura e con solucións para todos e todas.**

## Valedora do Pobo e entidades locais: un tándem para a defensa das persoas

**“2020 foi un ano difícil para os dereitos humanos”. Así comeza o informe da Valedora do Pobo. O número de asuntos atendidos pola institución aumentou un 28% respecto ao ano anterior, e malia o confinamento, o número de denuncias case un 10%. As administracións locais saen ben paradas no informe, se ben sempre hai cousas que mellorar. Os andamios para ilo xa están postos: a Fegamp vén de asinar o primeiro convenio de colaboración coa Valedora para impulsar unha mellor encaixe entre a administración local e dita institución.**

A Valedora do Pobo é a Alta Comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa –no ámbito territorial da Comunidade Autónoma– dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidos na Constitución, pero tamén para o exercicio das demais funcións que a lei lle atribúe, entre elas a defensa da legalidade. Para eses fins a Valedora supervisa a actividade das administracións galegas, entre as que se contan as administracións locais.

Para o desenvolvemento dese labor é condición previa o cumprimento do deber legal de colaboración informativa por parte das administracións locais galegas, que pode resumirse no exercicio dunha colaboración coas administracións galegas para a preservación dos dereitos das persoas e dos principios de legalidade e de boa administración.

O Informe Anual da Valedora do Pobo de 2020 reflicte que esa colaboración foi boa e que mellora respecto de anos

precedentes. Así, non foi preciso formular ningunha declaración de hostilidade e entorpecemento da labor da Institución, e as reiteracións dos requirimentos de informe unha vez cumprido o prazo legal de resposta non foron abundantes, en especial se temos en conta o altísimo volume de actividade da Valedora do Pobo no ano ao que nos referimos, sen dúbida como consecuencia da pandemia. Iso pon de relevo o alto nivel de compromiso das administracións locais co labor da Valedora.

Mesmo durante o período de confinamento o nivel de colaboración seguiu sendo bo, a pesar das dificultades e do aumento da demanda de atención. Refléxase, por poñer un exemplo, na área de Inclusión Social do Informe de 2020. Nela dise que a aportación dos informes das administracións locais neses difíciles momentos foi áxil en case todos os casos, ao tempo que se destaca o papel fundamental dos concellos na orientación e tramitación das prestacións e os servizos.

A pandemia marcou e segue a marcar as actividades de todas as persoas e tamén das administracións, e requiriu un esforzo extraordinario para afrontar moitas e moi variadas dificultades.

As respostas das administracións locais aos importantísimos retos da pandemia, coñecidas pola Valedora do Pobo a través dos informes sobre as moitas queixas recibidas con ocasión dunha emerxencia sanitaria e social sen precedentes, foi en xeral positiva e rápida, como tamén reflicte o Informe de 2020. Nel sinálase, por exemplo, que “o confinamento trouxo dificultades para cubrir as necesidades básicas de persoas que recibían axudas para alimentos e doutro tipo, especialmente cando as recibían de entidades sociais como axudas informais. Atopamos que nalgún caso deixaran de atenderse

**Destaca o papel fundamental dos concellos na orientación e tramitación das prestacións e os servizos de inclusión social.**

## Moitas das “conclusións positivas” do informe refírense a actuacións das administracións locais galegas.

as ditas necesidades. Actuamos mediante contactos telefónicos cos concellos, que en xeral deron conta de actuacións dilixentes para crear novos mecanismos de axuda de emerxencia. Só nalgún caso se recoñeceu un certo retraso das novas modalidades de emerxencia; neses supostos reclamamos a solución e estivemos ao tanto dela”.

Tamén nas outras áreas a resposta dos concellos foi positiva; iso se reflicta en que moitas das “conclusións positivas” contidas no informe refírense a actuacións das administracións locais galegas.

E tamén se aprecia pola aceptación da práctica totalidade dos recordatorios de deberes legais, recomendacións e suxestións formulados aos concellos e deputacións provinciais, todos agás cinco.

En definitiva, podemos sentir lexítima satisfacción porque a colaboración entre as administracións locais e a Institución da Valedora do Pobo para o desenvolvemento das respectivas funcións sexa a adecuada, o que sen dúbida repercute en beneficio dos destinatarios do traballo cotiá de ambas, as galegas e os galegos.



### Convenio coa Fegamp

A relevancia das funcións das administracións locais cara ás persoas levou a que se plantexara a oportunidade de promover un convenio de colaboración xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o desenvolvemento de iniciativas conxuntas en ámbitos nos que exista un interese común. Ese convenio asinouse esta primavera.

Os obxectos do convenio son, por unha banda, o intercambio de información ou actuacións (remitir información ou as actuacións que se consideren de interese común en relación co exercicio das súas funcións). No convenio indícase que “entre outras informacións ou actuacións, a Valedora do Pobo poderá remitir a Federación Galega de Municipios e Provincias resolucións dirixidas a todos os concellos de Galicia, co obxecto de que lles sexan trasladadas con efectos informativos”. E “entre outras informacións ou actuacións, a Federación Galega de

Municipios e Provincias poderá trasladar á Valedora do Pobo as memorias ou valoracións que considere de interese para o desenvolvemento das funcións desta”. Porén, “o intercambio de informacións ou actuacións producirase sempre sen prexuízo da independencia de ambas partes para o exercicio das súas respectivas funcións”.

Outro dos obxectivos previstos no convenio é que as partes poidan “convocar conxuntamente xornadas formativas sobre o desenvolvemento das funcións da Valedora do Pobo no ámbito das administracións locais e dese xeito proporcionar formación completa das especialidades máis relevantes dos procedementos de supervisión”, e “xornadas formativas sobre o desenvolvemento das funcións da Federación Galega de Municipios e Provincias”. “Os destinatarios das xornadas formativas serán as autoridades e/ou os empregados públicos cuxo traballo se vexa afectado polas materias as que se dediquen as xornadas”.

24.

## CONCELLO AO DÍA



### Evalúa tu situación

A través de un sencillo cuestionario organizado por materias de Gobierno Abierto



### Averigua tu situación

Obtén un porcentaje de cumplimiento respecto a cada uno de los bloques y tu posición respecto a la media



### Obtén consejos personalizados

En función de las carencias detectadas obtendrás consejos para seguir mejorando a la media



### Busca municipios

Podrás comparar tus resultados con otros municipios con el mismo número de empleados y/o habitantes



### Y compáralos con el visor

Visualizando mediante gráficos tu posición en todos los aspectos respecto al resto de municipios filtrados

## ACCEDE AL OBSERVATORIO

Si eres responsable de alguno de los ámbitos del Gobierno Abierto en una entidad local, rellena una solicitud de acceso y nos pondremos en contacto contigo para facilitarte dicho acceso.

SOLICITAR ACCESO

Si ya dispones de un usuario, puedes hacer click en el siguiente enlace [Iniciar sesión](#).

Plataforma do Observatorio do Bo Goberno da Deputación Foral de Guipúzcoa.

## Observatorio do Bo Goberno

Xunto coa legalidade, a separación de poderes e o pluralismo político, a transparencia é un dos principios básicos para garantir un verdadeiro Estado de Dereito. Unha nova ferramenta técnica desenvolta entre a Deputación Foral de Guipúzcoa e a Deputación de Castellón axudará aos concellos a medir a realidade da súa administración en materia de transparencia, datos e participación.

O mes de maio tivo lugar a Semana da Administración Aberta, unha iniciativa impulsada dende a Alianza para o Goberno Aberto, na que se conciencia a traballar nos principios de transparencia, rendición de contas, participación cidadá, inclusión e colaboración que deben imperar en toda administración pública democrática.

A Unión Europea ten o firme propósito de impulsar a participación e protagonismo da cidadanía na xestión política. No seu seo creou a Conferencia sobre o futuro de Europa, un espazo internacional de encontro, reflexión e debate aberto a calquera persoa interesada nas materias a tratar nas convocatorias programadas. Así mesmo o diálogo directo e a administración aberta serán

imprescindibles para a xestión dos Fondos de recuperación, resiliencia e transformación.

Ademais da necesidade de abrir vías e fomentar a participación cidadá, un tema abordado en profundidade foi o peso da administración local no pulo á transparencia. A Federación Española de Municipios e Provincias anunciou a posta a disposición de todas as entidades locais do Observatorio do Bo Goberno.

Este cadro permite aos gobernos locais coñecer a realidade da súa administración en materia de transparencia e participación, detectar carencias ou fallas, determinar obxectivos e plans e, en definitiva, mellorar.

## Unha útil ferramenta para mellorar

En 2018 a organización internacional Cidades e Gobernos Locais Unidos (CGLU) ideou un proxecto para valorar o grado de apertura dos Gobernos. A ferramenta basea nun cuestionario con seis liñas de análise:

1. Ética e integridade pública.
2. Transparencia, dereito á información e rendición de contas.
3. Participación cidadá.
4. Datos abertos.
5. Atención á cidadanía e redución burocrática.
6. Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles, alianzas e redes.

Tras o seu cumprimento, a ferramenta xera un informe á entidade coa puntuación obtida en cada bloque e a situación respecto á media xeral.

A Deputación Foral de Guipúzcoa desenvolveu un instrumento tecnolóxico similar accesible por internet. A Deputación de Castellón sumouse ao proxecto na súa fase de probas e melloras.





## Impulso aos proxectos de ONGD galegas en Centroamérica e na India



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está a apoiar a comunidades desfavorecidas da India, Nicaragua, El Salvador e Guatemala cofinanciando os proxectos de catro ONGD galegas nestes países cun total de 99. 813 euros. A planificación anual aprobada polas deputacións e concellos socios na última asemblea contempla tamén actuacións de cooperación directa en Mozambique e Guinea-Bissau e máis unha reserva de fondos para acción humanitaria, dos que 5. 000 euros se destinaron xa á vacinación contra a Covid-19 en Cuba.

No caso da cooperación indirecta, canalizada a través da convocatoria de subvencións para ONGD, o Fondo Galego apoiará con 25. 000 euros a intervención da Fundación Vicente Ferrer para facer efectivo o dereito á vivenda e ao saneamento de 34 familias rurais no distrito indio de Kurnool. A mesma contía recibirá Amigos da Terra para fortalecer a capacidade produtiva e a participación en nove cooperativas pesqueiras nicaraguanas, co fin de mellorar a xestión pública no Departamento de Chinandega. De idéntico orzamento disporá Solidariedade Internacional de Galicia para mellorar a educación nas comunidades indíxenas Ch'orti' de Guatemala, mentres que a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) obtivo 24. 813 euros para traballar con mulleres lideresas a prol da sustentabilidade ambiental en El Salvador.

No caso da axuda de emerxencia destinada a Cuba, traducirase na compra de 60. 000 xiringas, coas súas correspondentes agullas dun só uso, que se empregarán nun ensaio de intervención comunitaria en La Habana para inmunizar a 1. 700. 000 persoas coa vacina Soberana 02, desenvolvida na illa polo Instituto Finlay. O

financiamento canalizarase a través da campaña promovida pola ONGD Sodepaz e pola Asociación de Amizade Galego-Cubana 'Francisco Villamil', que busca paliar a dificultade existente no país para adquirir no mercado internacional os materiais necesarios para a vacinación, debido ao bloqueo imposto por Estados Unidos, que foi condenado en diversas ocasións pola ONU.

Ademais da cooperación internacional, o Plan de Actividades 2021 do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade incorpora un amplo abano de propostas para a sensibilización en Galicia, entre as que se atopa o 4º Certame de murais arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 'Muros que unen' na Coruña, que xa ten aberto o prazo para a recepción de bosquexos. Por outra parte, cinco concellos socios traballarán coa ONGD Solidariedade Internacional na promoción do comercio xusto, a compra pública ética e o consumo responsable.

Do mesmo xeito, a través do convenio coa Xunta de Galicia apoiarase a catro municipios para elaboraren plans de implementación dos ODS e celebrarase unha nova edición do Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, amais dun ciclo de webinars arredor da Axenda 2030 que xa deu comezo. Todo isto a maiores do proxecto europeo 'People & Planet', no que o Fondo Galego participa canda entidades doutros oito países para concienciar á mocidade sobre as graves consecuencias do cambio climático, amais de reforzar aos gobernos locais na promoción da sustentabilidade ambiental.

Asinado: **Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**





Reunión do presidente da Fegamp Alberto Varela coa Secretaria Xeral de Coordinación Territorial Myriam Álvarez

## A particularidade do municipalismo galego no Ministerio de Política Territorial

A Federación Galega de Municipios e Provincias pon enriba da mesa do Ministerio as dificultades específicas da xestión local galega e entrega un documento de propostas de mellora nas políticas vertebradas coa administración local.

A Fegamp trasladou ao Ministerio de Política Territorial a indispensable necesidade de incluír criterios como dispersión, idade poboacional, superficie ou número de entidades singulares, no desenvolvemento de políticas con xestión descentralizada. Entre a batería de medidas suxeridas pola Fegamp figuran tamén a reforma do sistema de financiamento local a través dos PIE para que os concellos participen dos impostos recadados polo Estado ata o de agora inaccesibles, ou a avaliación dos criterios de esforzo fiscal e inverso da capacidade tributaria polas fallas que presentan relacionadas, por exemplo, coas revisións catastrais. Na reunión coa Secretaria Xeral de Coordinación Territorial, Myriam Álvarez, Alberto Varela reclamou así mesmo para os concellos a transferencia do 15% dos fondos europeos de reconstrución, a devolución do IVE pendente de 2017 e un aumento na aportación estatal ao financiamento do SAF.

## Toma de posesión do novo Delegado do Goberno

O Goberno do Estado levou a cabo cambios en varias das súas Delegacións territoriais, entre elas na nosa Comunidade Autónoma. O municipalismo galego dá a benvida a José Miñones, un gran coñecedor da realidade local gracias a súa labor como alcalde da localidade de Ames.



Toma de posesión do novo Delegado do Goberno José Manuel Miñones

O presidente da Fegamp, Alberto Varela, asistiu á toma de posesión do novo Delegado do Goberno do Estado en Galicia, José Manuel Miñones, ao que trasladou o parabén e máxima colaboración do municipalismo galego.

Varela valorou moi positivamente que Miñones sinalara a interlocución e traballo a favor dos concellos como o primeiro dos seus compromisos. O presidente da Fegamp trasladou así mesmo o agradecemento ao Delegado do Goberno saínte Francisco Javier Losada, pola súa labor e colaboración, especialmente durante a xestión da crise sanitaria nos seus momentos máis complicados.

## Foro de Turismo na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A crise socioeconómica provocada pola COVID-19 obriga a un exercicio de reflexión para unha reconstrución sólida e de futuro. Como peza clave do puzzle, as achegas da administración local son requiridas nos distintos eidos. Neste caso a Fegamp leva a visión do municipalismo a unha xornada para reactivar unha das actividades máis prexudicadas: o turismo.



Alfonso Villares (vicepresidente primeiro da Fegamp) no Foro de Turismo da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal

O pasado 4 de xuño a Fegamp participou no foro organizado pola Confederación de Empresarios de Pontevedra para abordar o Turismo na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Co contexto dos estragos económicos pola pandemia de fondo, o vicepresidente primeiro da Fegamp, Alfonso Villares, lembrou que dende a Federación se está a traballar para que o Goberno de España amplíe os supostos de consideración do réxime especial de concellos turísticos a efectos de financiamento. Villares tamén incidiu en que se debe procurar unha reactivación do sector transformadora. Cómpre que estratexia aproveite a sinerxia da ampla oferta da nosa terra, inigualable por diversidade e calidade, e que ditos esforzos vaian acompañados da tecnoloxización e modernización das empresas involucradas, iso si, sempre en salvagarda dun dos nosos grandes valores: a identidade galega.



Rolda de prensa de Iker Sertucha (Presidente da Federación de Asociacións de Persoas Sordas de Galicia) e Alberto Varela (Presidente da Fegamp)

## Día Nacional das Linguas de Signos

Como administración máis próxima á cidadanía, a xestión local ten que detectar e dar resposta a todas as necesidades. A Fegamp achégase ás do colectivo de persoas xordas. A invisibilidade da súa discapacidade fai que historicamente quedaran atrás nas políticas de integración.

Coincidindo co Día Nacional das Linguas de Signos españolas, o 14 de xuño o presidente da Fegamp, Alberto Varela, se reuniu co presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Iker Sertucha. No encontro abordáronse as necesidades deste colectivo respecto á administración. A Fegamp comprometeuse a impulsar medidas para visibilizar as dificultades das persoas xordas no día a día e tomar as barreiras comunicativas e facilitar a súa interacción nos concellos.

BOE Nº. 148 / PUBLICADO DO 22 DE XUÑO DE 2021

## MINISTERIO DE CULTURA E DEPORTE

Extracto da Resolución do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, pola que se convocan axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos en España durante o ano 2021. **BDNS (Identif.): 570188.**

### OBXECTO

Axudas á programación e difusión do cinema español, comunitario, iberoamericano, así como a películas de animación, documentais e curtametraxes.

### BENEFICIARIOS

Comunidades Autónomas e organismos e entidades delas dependentes, Corporacións Locais e organismos e entidades delas dependentes e persoas físicas e xurídicas que actúen como promotores dun festival ou certame cinematográfico segundo o artigo 54 da Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo.

### CONTÍA

O importe total desta convocatoria ascende á cantidade de: 933.000 euros. A contía individual non poderá superar o 50% dos gastos subvencionables.

### Prazo de presentación de solicitudes: 06/07/2021

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días hábiles** a partir do día seguinte da publicación deste extracto no Boletín Oficial do Estado.

### Máis Información

Na Dirección Xeral do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (Ministerio de Cultura e Deporte)

No BOE Nº. 148 – EXTRACTO CONVOCATORIA

No BOE Nº. 174 (public. 19 xulio 2018) – BASES REGULADORAS

Na web da Fegamp: <https://www.fegamp.gal/content/axudas-para-organizacion-de-festivais-e-certames-cinematograficos-durante-o-ano-2021-prazo>

DOG Nº: 117 / MARTES, 22 DE XUÑO DE 2021

## AXENCIA TURISMO DE GALICIA

Resolución do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xullo, agosto e setembro, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento TU900A). **BDNS (Identif.): 570529.**

### OBXECTO E RÉXIME

Contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados municipios turísticos galegos e dos xeodestinos durante os meses de xullo, agosto e setembro.

O dito persoal poderá contratarse no período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, ambas as dúas datas incluídas.

### BENEFICIARIOS

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que contén coa declaración de municipios turísticos galegos.

Así mesmo, poderán ser beneficiarios destas subvencións os 18 xeodestinos e subxeodestinos descritos no Mapa oficial de xeodestinos de Galicia, publicado pola Axencia Turismo de Galicia.

### IMPORTE

